

17




## Ollos abertos

### Étapas e momentos da vida humana

Ao longo da vida imos pasando por distintas etapas e vivimos situacións moi variadas.



#### ■ Etapas da persoa humana



- ▶ ¿A que persoas coñoces que vivan nestas etapas?
- ▶ ¿Que sucede en cada unha destas etapas?
- ▶ ¿Cal delas che parece a máis feliz? ¿E a máis difícil?

#### ■ Distintos momentos na nosa vida:

- Momentos de alegría ou de tristura.
- Momentos de enfado ou de tranquilidade.
- Momentos de enfermidade ou de saúde.
- Momentos de acerto ou de equivocación.
- Momentos de esforzo ou de preguiza.
- Momentos de compañía ou de soledade.

- ▶ ¿Cales destes momentos viviches ti?



## Mirada penetrante

### Necesitamos dos demais

As persoas necesitan		Quen nolo dá...
A	m _ r	
	n _ m _	
	p _ i _	
C	_ mp _ ñ _ _	
	_ ns _ l _	
	_ ns _ ll _	

- ▶ Completa estas palabras que expresan algunhas necesidades fundamentais.
- ▶ Sinala despois algunhas persoas que che axudan a satisfacer esas necesidades.
- ▶ ¿Que pasaría se non tivésemos isto na nosa vida?



## Oídos atentos

### Os sacramentos, accións da Igrexa


#### ■ Os sacramentos

Cristo mesmo instituíunos eficazmente para comunicarnos a súa luz, a súa forza, a súa graza e salvación.

*Os sacramentos están ordenados á santificación dos homes, á edificación do Corpo de Cristo e, en definitiva, a dar culto a Deus.*  
(SC 59)

#### ■ A relación entre os sacramentos

Os sete sacramentos están unidos entre eles formando un corpo no que cada un tén o seu lugar propio. A Eucaristía ocupa o lugar central.










► Le e observa con moita atención este gráfico. Despois contesta a estas preguntas:

- Os sete sacramentos divídense en tres grupos. ¿Cales son? \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- ¿Cales son os sacramentos da Iniciación Cristiá? \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- ¿Cal é o sacramento máis importante? \_\_\_\_\_

■ **Palabras e xestos dos sacramentos**

*Os sacramentos expresan a fe con palabras e accións; por iso se chaman sacramentos da fe. (SC 59)*

Sacramento	Símbolo	Significado	Xesto
			Bendición do sacerdote co sinal da cruz.
		Liberación do pecado e entrada na Igrexa.	
			Banquete do pan e do viño.
			Unción cun aceite perfumado (Crisma).
		Alivio e consolo na debilidade e a enfermidade.	

		Unión de dúas persoas e compromiso de amor para sempre.	
			Imposición das mans do bispo..

► Escribe na primeira columna o sacramento que corresponda.





## Mans activas

### Eucaristía e Penitencia

Cando recibimos o Bautismo, non podemos preparar a súa celebración. Pero os sacramentos da Eucaristía e da Penitencia, que seguimos recibindo, si que podemos prepararlos axeitadamente.

#### ■ ¿Que facemos ao celebrar a Eucaristía e a Penitencia?

Antes	En	Despois
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Facemos con atención o exame de conciencia... <input type="radio"/></li> <li>■ Pedímoslle a Deus que nos axude a apreciar o sacramento e a recibilo ben. <input type="radio"/></li> <li>■ Arrepentímonos dos fallos e pecados cometidos. <input type="radio"/></li> <li>■ Alegrámonos porque imos ao encontro de Xesús. <input type="radio"/></li> <li>■ Sentimos o gozo de reunirnos coma irmáns na casa de Deus. <input type="radio"/></li> </ul> 	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Recoñecémonos pecadores e damos grazas a Deus polo perdón que nos ofrece. <input type="radio"/></li> <li>■ Dicimos arrepentidos os pecados ao sacerdote. <input type="radio"/></li> <li>■ escoitamos con atención as lecturas da Palabra de Deus. <input type="radio"/></li> <li>■ Adoramos a Cristo que se ofrece para a nosa salvación. <input type="radio"/></li> <li>■ Presentamos as nosas boas obras coma ofrenda agradable a Deus. <input type="radio"/></li> <li>■ Unidos ao sacerdote pedimos ao Pai polos vivos e os defuntos. <input type="radio"/></li> <li>■ Alimentámonos co Pan de Vida que nos fortalece. <input type="radio"/></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Damos grazas a Deus porque nos deu o perdón, a salvación, a vida de Deus. <input type="radio"/></li> <li>■ Procuramos vivir en paz con todos, perdoando a quen nos ofende. <input type="radio"/></li> <li>■ Tratamos de estar sempre moi unidos a Xesucristo e de poñer en práctica a Palabra que escoitamos. <input type="radio"/></li> <li>■ Intentamos que as nosas obras de cada día sexan agradables a Deus. <input type="radio"/></li> <li>■ Esforzámonos por colaborar co noso bo comportamento en facer un mundo mellor. <input type="radio"/></li> </ul> 

► Pon a continuación de cada punto un E (Eucaristía), un P (Penitencia), ou un X (os dous), segundo a qué sacramento corresponda a acción ou actitude que se sinala.